



Dirección Xeral de Formación Profesional

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional

Convocatoria 2023

Instrucións para consultar as solicitudes e para obter o código persoal de consulta (CPC)

Índice

1	Publicación das listaxes provisionais e definitivas. Reclamacións.....	3
2	Código persoal de consulta (CPC).....	4
2.1	Obtención do código persoal de consulta (CPC).....	4
2.2	Consulta de solicitudes.....	5

1 Publicación das listaxes provisionais e definitivas. Reclamacións

As listas provisionais e definitivas relacionadas co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do centro público onde se fixera a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>. **Os datos de identificación (nome, apelidos e DOI) serán substituídos por un código persoal de consulta (CPC).**

Contra as listaxes provisionais de solicitudes, de exencións, de proba adaptada e de cualificacións, as persoas interesadas poderán presentar reclamación no centro de inscrición.

Durante o período de reclamacións (do 13 ao 17 de febreiro ámbolos dous incluídos) contra as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, poderase achegar a documentación pendente de entrega do solicitado na folla de inscrición.

As listaxes relacionadas coas probas adaptadas deberán consultarse na secretaría do centro de inscrición, porque non se publicarán en ningún outro sitio.

2 Código persoal de consulta (CPC)


No proceso de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior para a convocatoria 2023, en todas as listaxes que sexa necesario publicar que conteñan datos persoais, será substituído o número do documento oficial de identidade e o nome e apelidos por un **código persoal de consulta (CPC)**. Deste xeito as listaxes darán toda a información necesaria para o seguimento público do proceso de probas de acceso, pero garantindo a confidencialidade dos datos persoais.

O CPC é un código alfanumérico único para cada persoa que participa no proceso de probas de acceso de grao superior de formación profesional. Para consultar a situación persoal poderase obter o CPC da aplicación informática Ciclosprobas.

2.1 Obtención do código persoal de consulta (CPC)

Para obter o CPC debe ir a aplicación Ciclosprobas no seguinte enderezo (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/Paxinalinicio.do>).

- Primeiro hai que escoller a opción "Ver código persoal de consulta":



- Na pantalla que aparece a continuación haberá que escribir o número do documento oficial de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de inscrición nas probas de acceso a grao superior e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do encabezamento do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en "Buscar":

Cubrir os campos	Resultados da busca
<p>Consulta código persoal</p> <p>Filtros</p> <p>DOI/DNI* <input type="text"/></p> <p>Código de Solicitude* <input type="text"/></p> <p>Buscar</p>	<p>Código persoal de consulta</p> <p>Datos persoais</p> <p>Doi <input type="text" value="DNI da persoa solicitante"/></p> <p>Nome <input type="text" value="Nome da persoa solicitante"/></p> <p>Código <input type="text" value="1C3ESH0E4F"/> Código persoal de consulta (CPC)</p>

ANEXO II			
le Galicia con oferta de FP.			
DE GRAO SUPERIOR DE	CODIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO	
	ED312D	SOLICITUDE	

Código Solicitude
006746G3

2.2 Consulta de solicitudes

Para consultar o estado da solicitude presentada na convocatoria 2023 de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior a través da aplicación Ciclosprobas dispón de dúas opcións:

- Todas as persoas solicitantes (con ou sen usuario) deberán escoller a opción "Consultar solicitudes do ano actual" a través da cal se lle solicitará o número de documento de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de inscrición das probas de acceso a grao superior e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do encabezamento do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en "Buscar":

- Aqueles usuarios que dispoñan dun sistema de autenticación (conta edu.xunta.gal, Chave 365, conta xunta.gal, DNI electrónico ou certificado dixital) poderán realizar a consulta do estado da solicitude presentada. Deberán entrar na aplicación co seu usuario e ir ao apartado **2. Solicitantes/ 2.1. Solicitudes.**

- En tódolos casos aparecerá unha pantalla coa seguinte información: